



QUEN SAE GAÑANDO CON ESTA REFORMA?

As traballadoras e traballadores non. Esta reforma non serve nin para recuperar os dereitos roubados, nin moito menos para avanzar en dereitos, calidade de vida e benestar.

O empresariado maniféstase moi satisfeito con este acordo que consolida no fundamental a reforma do PP. Así o expresaron claramente a CEOE, a FAES de Aznar e mesmo Casado, quen recoñeceu que o texto mantiña en máis de 90% a normativa anterior.

O VETO AO SINDICALISMO NACIONALISTA GALEGO NA NEGOCIACIÓN

Esta normativa foi negociada “pola porta de atrás”, deixando fóra á CIG (central sindical maioritaria na Galiza), ou á vasca ELA, ambas coa condición legal de “sindicatos máis representativos”, e non admiten ningún tipo de modificación ou mellora no trámite parlamentario.



PSOE E UNIDAS PODEMOS INCUMPREN OS SEUS COMPROMISOS

Prefiren someterse ás directrices da Unión Europea -que esixira manter a reforma do PP para liberar os fondos Next Generation- e dos intereses empresariais en vez de cumprir coa clase traballadora.



QUE DEFENDE O BNG? A DERROGACIÓN ÍNTEGRA DA REFORMA LABORAL DO PP DE 2012.

Isto supón:

- Reverter as facilidades para o despedimento e recuperar a indemnización de 45 días e o límite de 42 mensualidades no caso dos despedimentos improcedentes.
- Garantir que as modalidades de contratación sirvan para unha verdadeira erradicación da temporalidade e a precariedade, evitando que os novos contratos aprobados, aínda que con outro nome, manteñan os abusos actuais.
- Recuperar a autorización administrativa previa por parte da autoridade laboral para os despedimentos colectivos (EREs)
- A recuperación dos salarios de tramitación nos despedimentos improcedentes.
- A prevalencia dos convenios de sector, que nunca poderán ser empeorados polos de empresa.
- A prevalencia dos convenios provinciais ou galegos sobre os estatais, que nunca poderán impedir ou empeorar estes.
- Eliminar a posibilidade dos “descolgues” do convenio por parte das empresas.
- Restaurar as limitacións empresariais para a mobilidade xeográfica colectiva.
- Recuperar a necesidade de acordo para a regulación da xornada.

Mobilízate!



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
Avda. Rodríguez de Viguri, 16 baixo
15703 Santiago de Compostela
GALIZA
Teléfono: 981555850

/obloque

bng.gal sedenacional@bng.gal

EN DEFENSA DAS TRABALLADORAS E TRABALLADORES

Que non rouben os nosos dereitos.





O GOBERNO DE PSOE E UNIDAS PODEMOS NON DERROGA A REFORMA LABORAL DO PP DE 2012.

Consolida os aspectos máis lesivos da reforma laboral do Partido Popular do ano 2012. Así, esta reforma segue a manter:

- As facilidades para o despedimento e o seu abaratamento.
- A eliminación da autorización administrativa previa para os despedimentos colectivos (EREs).
- A prevalencia dos convenios estatais sobre os provinciais ou galegos.
- A prevalencia dos convenios de empresa, que poden empeorar os de sector, agás nos salarios.
- A eliminación dos salarios de tramitación nos despedimentos improcedentes.
- A posibilidade de que as empresas se “descolguen” do convenio e incumpran o nel establecido.
- A facultade das empresas para as modificacións das condicións de traballo ea mobilidade xeográfica colectiva (antes podía ser suspendida durante 6 meses pola autoridade laboral).
- A distribución irregular da xornada, até o 10%.



DESPEDIMENTO FÁCIL E BARATO

As reformas de 2010 (PSOE) e 2012 (PP) facilitaron ao empresariado poder despedir. Iso consolídase nesta proposta. A reforma do PP baixara as indemnizacións no caso do despedimento improcedente de 45 días para 33, e o límite de 42 para 24 mensualidades. Isto mantense na modificación actual. **Gaña o capital. Perden as traballadoras e traballadores.**



QUE IMPORTANCIA TEN A AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA POR PARTE DA AUTORIDADE LABORAL NOS ERES?

Daríase capacidade á administración para actuar no caso de despedimentos colectivos non xustificábeis por causas obxectivas ou fronte aos intentos de deslocalización por parte das empresas. Na Galiza temos casos recentes de fechamento de empresas que levan a produción a outros países: Poligal (Narón), Siemens Gamesa (As Somozas) ou Vestas (Viveiro), son claros exemplos disto. Ademais, fortalece a capacidade de negociación dos traballadores e traballadoras.

COMO AFECTA A PREVALENCIA DOS CONVENIOS DE EMPRESA SOBRE OS DE SECTOR?

Coa nova norma, non poden empeorar os salarios, mais si pode empeorar o resto das condicións

laborais: horarios, distribución do tempo de traballo, medidas para favorecer a conciliación entre a vida laboral, familiar e persoal, etc.



POR QUE É NEGATIVA A PREVALENCIA DOS CONVENIOS ESTATAIS SOBRE OS GALEGOS OU PROVINCIAIS?

Porque impide avanzar cara un marco galego de relacións laborais e redunda en maior centralización, o que significa debilitar a capacidade de presión das traballadoras e traballadores ao afastar o ámbito da negociación, e dificulta a participación dos sindicatos nacionalistas, máis combativos, mesmo que sexan maioritarios, como é o caso da CIG na Galiza.



É POSÍBEL DERROGAR DE FORMA ÍNTEGRA A REFORMA ANTISOCIAL DO PP?

Si, é posíbel. De feito, iso era o que reclamaban os partidos que hoxe están no Goberno cando estaban na oposición. Existe unha maioría parlamentar que permitiría derrogar a reforma do PP sen dificultade. Se PSOE e Unidas Podemos non o fan é porque non queren, non porque non poidan.